



Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.408


anosaterra

OLALLA LOXO

Oliver Laxe, a vida convertida en cine

O director galego, de 28 anos,
premiado en Cannes

Páxina 27.



Xurxo Borrazás

COVALLADAS
Prosa vertical

Unha historia asombrosa, con
humor, que salta por riba das
palabras.

60
EDITORIAL GALAXIA
aniversario
1950-2010
www.editorialgalaxia.com

50 aniversario dos sucesos do Palau A detención de Pujol e a resistencia catalá

Páxina 11.



PACO VILABARROS

Oliver Laxe, mostrar a través da ocultación

O cineasta galego recibe o Premio da Crítica en Cannes cunha obra que creba os límites entre vida e ficción

Manuel Xestoso

Estamos demasiado afeitos a ver películas que non son cine. Talvez por iso as imaxes de Oliver Laxe provocan unha inmediata atracción que evitan eses minutos que perdemos estupidamente tratando de clasificar o que vemos dentro das marxes dunha etiqueta recoñecíbel: son cine e punto. Tamén posúen as características dos grandes: cando se ven, acoden á imaxinación moitas referencias (Robert Bresson, Chris Marker, Tarkovski) pero, en puridade, as súas películas só se parecen a si mesmas.

Probablemente estas son algunhas das características que os críticos presentes en Cannes souberon recoñecer na primeira longametraxe do cineasta galego e, probablemente, foron parcialmente responsábeis de que lle outorgasen o Premio da Crítica. E aínda que dá un pouco de vertixe pensar que estamos a falar da obra dun artista que só ten vinte e oito anos, que apenas inicia agora a súa carreira, o certo é que xa alcanzou unha personalidade máis nítida que creadores moito máis maduros, que xa hai imaxes que podemos atribuírle sen discusión. No percorrido polos festivais galegos nos que as súas películas se nos deron a coñecer (Filminho, Playdoc, Cineuropa) Laxe deu sobradas mostras da coherencia do seu proxecto e da sensibilidade da súa mirada.

As noticias que se repetiron nas noticias da prensa galega da última semana (e aquí habería que abrir unha paréntese para preguntarse porque non se repetiron tanto na prensa española) salientábase a peculiar biografía nómade de Laxe: de París a Galiza, de Barcelona a Londres e de alí a Tánxer... Talvez sexa esta condición fronteiriza a que provoca que os seus filmes alberguen unha sorte de sombra oculta, invisible para o espectador, pero inequivocamente presente. En *As chemineas decidiron escapar*, apenas vemos figuras humanas pero hai un huma-

“Aínda que estamos a falar da obra dun artista de só vinte e oito anos, o certo é que xa alcanzou unha personalidade máis nítida que creadores moito máis maduros”

nismo soterrado sobrevoando toda a película; en *Soa a trompeta, agora vexo outra cara*, as figuras borrosas que ateigan a pantalla prefigurán a claridade con que o paso do tempo marca as nosas vidas; *París #1* mostra unha mirada sobre Galiza que nos deixa intuír a mirada parisiense que filma... O artista é sempre un nómade espiritual que busca as pegadas propias no camiño que percorre, coma se quixese atopar nelas o espello axeitado que reflecta as vías que lle depara o futuro.

Esta dupla dirección da visión é fundamental para comprender o cine de Laxe: se observamos o universo coa suficiente atención, este devolverá nos a mirada. Por iso as súas películas toman a forma de cadernos de viaxes, de diarios poéticos que conforman esa colisión de miradas na que se creban os límites entre a vida e a ficción, nunha tentativa de aprehender a realidade, de coñecer cal é o lugar do home nela. Mais o seu método de traballo, practicamente artesanal, non é dos que expón desvergonzadamente os



OLALLA LOXO

seus mecanismos narrativos: o lirismo, a suxestión, o enigma, permanecen no fondo de todo o que filma.

O premio de Cannes vén

confirmar que Laxe é un creador de ecos visuais cuxas obras interrogan o acto de crear, no sentido máis literal da palabra: o mundo reaparece renovado

en cada un dos fotogramas. Iso si, o espectador terá que abrir ben os ollos para ver o que non se mostra, a parte máis importante dos seus filmes.●

Crear nas marxes

M.X.

Laxe é un deses creadores que, traballando nas marxes da industria, foron constituíndo unha paisaxe cinematográfica alternativa á dos circuitos comerciais. Non deixa de abraiar que, nun contexto tan feble coma o do cinema do noso país -no que aínda pugnamos por atoparlle un significado ao sintagma *cinema galego*-

exista un planeta tan relativamente fecundo e variado coma o do chamado cine experimental. Alberte Pagán, Ángel Santos, Susana Rey son outros nomes que indican que a creación non sempre precisa de grandes estruturas industriais para crear obras de gran calado artístico e emocional. Xorde entón a pregunta de por que non se apoia máis explícita

e decididamente o traballo destes artistas. O conselleiro de Cultura viaxou a Venecia para alentar a presentación de *Cela 211*. Laxe tivo que conformarse coa compañía dos seus amigos.

Para Oliver Laxe o galardón obtido en Cannes ábrele a perspectiva de esquivar o destino da eterna viaxe con copias privadas das películas propias

entre festivais e cine-clubs, o horizonte habitual destes cineastas que non se acomodan nas lindes da narrativa convencional. Mais non semella suficiente para o potencial que se agocha tras a obra destes destemidos creadores. Quizais os primeiros que deben aprender a ver a realidade con outros ollos son os responsábeis da política cinematográfica.●